CIUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA

PAU
Convocatoria extraordinaria 2026
LITERATURA DRAMÁTICA II

CÓDIGO 83

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**. A primeira sen apartados optativos; as demais con posibilidade de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. CREACIÓN DE TEXTOS. (2,5 puntos)

Elabore unha escena partindo da seguinte noticia periodística. Incorpore unha indicación escénica inicial que recolla a descrición física e psicolóxica dos personaxes e o espazo escénico. Ademais, deberá presentar como mínimo unha indicación escénica de carácter técnico (sobre luz e son), dúas indicacións escénicas interpretativas (relativas á emoción, o ton ou a intención) e dúas indicacións de movemento escénico (indicacións de desprazamento, xesto ou acción física)**.**

Unha muller provoca varios accidentes de tráfico ao manipular uns espellos viarios para mellorar o seu "feng shui"

Unha muller supersticiosa, que cría que a súa falta de fortuna e mala saúde se debían a un *feng shui* deficiente, está acusada de provocar varios accidentes de tráfico, no seu barrio de Shanghái (China), ao axustar mal a posición dun retrovisor.

Segundo o seu marido, quen non revelou a súa identidade, ultimamente sufrira uns achaques de saúde e mala sorte, polo que contactou cun experto para ver se se podía mellorar.

O especialista en filosofía oriental afirmou que o espello, instalado fronte á casa da muller había máis dunha década, era a causa dos seus problemas porque enviaba enerxía negativa. O matrimonio considerábao como un "espello revelador de demos", un obxecto da mitoloxía chinesa que podía delatar a verdadeira identidade dun diaño disfrazado de humano. "Non somos demos. Non nos gusta que nos sinalen cun espello que revela demos", comentou o esposo, engadindo que a súa parella axustara repetidamente o cristal para que non enfocase directamente á súa casa.

Aínda que a presunta gafada insistía en que ninguén utilizaba o espello, os seus veciños non estaban de acordo, así que a empresa administradora da propiedade decidiu resolver o asunto instalando outro no lado oposto da rúa. Desta maneira, os condutores podían ver alén da curva e o seu *feng shui* non se vería afectado.

A muller aceptou a solución, pero en canto sentiu que a súa sorte empeorara, volveu manipular os espellos. A xunta de veciños tentou razoar con ela, pero continuou insistindo en que os reflexos afectaban o seu karma e que lle traían mala sorte, indica *Odditycentral*.

Finalmente, avisouse á Policía, e os axentes advertíronlle que podería ser considerada responsable dos sinistros causados por manipular os espellos.

20minutos / El Blog del becario, 05/02/2026

PREGUNTA 2. SABERES BÁSICOS. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

2.1. Con exemplos de obras vistas ou lidas na clase, defina os seguintes termos teatrais: a) clímax; b) ideolecto. **(2,5 puntos)**

2.2. Con exemplos de obras vistas ou lidas na clase, explique e desenvolva a norma da preceptiva clasicista coñecida como "regra das tres unidades". **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 3. EXPRESIÓN DO CRITERIO PERSOAL. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

3.1. Partindo da seguinte pregunta: "Cree que unha obra de teatro existe plenamente cando está escrita nun libro, ou só cando é representada?" Argumente de forma razoada se a esencia dunha obra de teatro reside na súa forma escrita (como literatura) ou se só se completa a través da súa posta en escena. Inclúa na súa reflexión o grao de liberdade interpretativa que debe posuír a dirección fronte ó texto. **(2,5 puntos)**

3.2. O dramaturgo Jean Tardieu sinala que "as indicacións escénicas non son ornamentos do texto, senón as chaves do reino da representación". Explique a metáfora "as chaves do reino da representación" e as diferenzas entre o texto dramático e o paratexto, e por que este último é indispensable para o director e os actores. **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 4. INTERPRETACIÓN DE OBRAS TEATRAIS. (2,5 puntos)

Responda un destes dous apartados:

4.1. Realice o comentario (resumo da escena, análise do contido, personaxes, análise da forma e valoración persoal) **dun dos dous** seguintes fragmentos**. (2,5 puntos)**

Aristófanes, *Lisístrata* (Traducción de Iria Pedreira Sanjurjo, Sushi Books, 2024, pp. 58-60).

COMISARIO. E como pensades resolver e poñer fin ós moitos asuntos revoltos que hai nas cidades?
LISÍSTRATA. É moi sinxelo.
COMISARIO. Como? Explícamo.
LISÍSTRATA. Pois coma o fío, cando se nos ensarilla na madeixa e, colléndoo así, ímolo traendo ó rego cos fusos por aquí e acolá. Así desfaremos esta guerra, se nos deixan, e levando embaixadas a un e outro bando.
COMISARIO. E con la, fíos e fusos credes que ides arranxar tan graves problemas? Que tarabelas!
LISÍSTRATA. Se vós tivésedes un pouco de sentidiño tratariades todo na política coma nós as nosas las.
COMISARIO. E como? Iso habería que velo!
LISÍSTRATA. Como ocorre co vélaro de la, primeiro cumpriría quitar a graxa da cidade nun baño, poñela nun leito e expulsar cunha xostra os malvados e quitar os abrollos. E, en canto a aqueles que se xuntan e amorean arredor dos cargos públicos, habería que cardalos e raparlles as cabezas. Logo sería necesario peitear o interese común e meter nun cestiño os metecos, algún estranxeiro que sexa amigo voso e os que teñan débedas co Estado para mesturalos. E, por Zeus, no tocante ás cidades das colonias, que están afastadas, habería que asumir que son para nós coma guechos de la que están separados os uns dos outros. Logo de coller todo iso, habería que xuntalo e reunilo nun só nobelo de la para despois facer unha gran bóla e, a partir dela, tecer un cobertor para o pobo.

Sófocles, *Edipo Rey* [Trad. María Fe González Fernández. Xuntanza Editorial, 1999, pp. 86-88]

CORIFEO. E ten agora o infortunado algunha tregua no seu mal?
MENSAXEIRO. Pide a berros que se descorran os ferrollos e se lles amose a tódolos cadmeos ó homicida, ó home que a súa nai... -pronuncia palabras impías que non podo repetir-, coa intención de expulsarse fóra do país e de non permanecer máis no seu palacio, estando como está suxeito á maldición que pronunciou. Sen embargo, necesita apoio e guía, pois a súa desgracia é maior do que se pode soportar. Amosaracho a ti tamén, pois ábrense os ferrollos

das portas, e pronto vas ver un espectáculo tal como para mover á compaixón mesmo a quen o aborrecese.

(Ábrense as portas de palacio e aparece Edipo coa cara ensanguentada andando ás tentas)

CORO.
Oh sufrimento terrible do contemplar!
Oh o máis espantoso co que batín!
que tolemia, infeliz, te acometeu?
que deidade saltou sobre ti,
con brinco maior cós máis longos,
para engadirse ó teu destino infortunado?
Ai, ai, desgraciado! Nin contemplarte podo,
malia querer facerche mil preguntas,
saber mil cousas e observarte moito tempo.
Tal é o espanto que me infundes!
EDIPO. Ai, ai, malpocado de min!
A que terra irei na miña dor?
Cara onde voa a miña voz arroutadamente?
Ai, destino! Cara onde te precipitaches?
CORIFEO. Cara un desastre terrible que non se pode nin contemplar nin escoitar.
EDIPO. Oh nube da miña escuridade que me illas, abatida sobre min de xeito inefable, inflexible, irremediable! Como me penetran, ó mesmo temo, as picadas destes aguillóns e recordo dos meus males!
CORIFEO. Non é estraño que nestas penas te laies e soportes dobres desgracias.

ANTÍSTROFA 1ª

EDIPO.
Ai, amigo!, ti e-lo
Meu único servidor leal,
Pois aínda te encargas
De coidarme na miña cegueira.
Ai, Ai!, non me pasas inadvertido.
Aínda estando entre tebras,
Recoñezo alomenos a túa voz.
CORIFEO. Ai, ti que cometiches terribles accións! Como tiveches corazón para destruír de tal xeito a túa vista? Que divindade te impulsou?

ESTROFA 2ª

EDIPO. *De Apolo é isto obra, amigos. Apolo foi o que fixo cumprirse en min estes tremendos infortunios. Pero ninguén, senón eu mesmo, desgraciado, os feriu coa súa man. Pois, que me restaba a min por ver, xa que, aínda que vise, nada agradable me quedaba por contemplar.*

4.2. Realice o comentario (resumo da escena, análise do contido, personaxes, análise da forma e valoración persoal) **dun dos dous** seguintes fragmentos. **(2,5 puntos)**

Henrik Ibsen, *Casa de bonecas*, Acto III [Trad. Liliana Valado e Marta Dählgren, Edicións Xerais, 2007, pp. 117-118]

NORA: *(Nega coa cabeza)* Non, non me amastes. Só vos parecía moi divertido pensar que estivestes namorados de min.
HELMER: Pero Nora, que é o que me estás a dicir?
NORA: É así, Torvald. Mentres estiven na casa do meu pai, el contábame todo o que pensaba, e eu pensaba o mesmo. E se algunha vez pensaba distinto, non llo dicía porque a el non lle parecía

ben. Dicía que eu era a súa linda bonequiña, e xogaba comigo coma eu xogaba coas miñas bonecas. E despois cheguei á túa casa...
HELMER: Non fales así do noso fermoso matrimonio.
NORA: (*Sen facer caso)* Quero dicir que pasei das mans do meu pai ás túas. Todo o resolvías segundo o teu gusto, e eu collín ese mesmo gusto, ou facía que o collía, non o sei moi ben. Coido que ambas as cousas, tanto ten. Agora que o vexo, penso que vivín nesta casa da túa esmola, da man á boca. Vivín facéndoche grazas, Torvald. Ti e mais papá estades en débeda comigo. Non fun capaz de chegar a ser persoa por culpa vosa.
HELMER: Nora, agora estás sendo irracional e desagradecida. Non fuches feliz nesta casa?
NORA: Non, soamente alegre. Sempre fuches tan bo comigo. Pero o noso fogar nunca foi outra cousa ca un cuarto de xogos. Fun a túa muller-boneca, como fun a nena-boneca do meu pai. E os nenos foron as miñas bonecas. Cando te puñas a xogar comigo parecíame tan divertido, da mesma maneira que os nenos se puñan contentos cando eu xogaba con eles, Así foi o noso matrimonio, Torvald.

Antón Chéjov, *El jardín de los cerezos* [Trad. de Margarita Izquierdo, Editorial Verbum, 2020, pp. 33-34. Versión en castelán porque non existe unha en galego]

(A lo lejos, óyese una música.)

GAIEF. —Es nuestra célebre orquesta judía: cuatro violines y un contrabajo.
LUBOVA. —Habría que invitarlos para una pequeña fiesta.
LOPAKHIN. —La historia de usted me interesa; siga su relato.
LUBOVA. —*(a Lopakhin.)* Y usted, ¿por qué no se ha casado? Ahí está nuestra Varia, buena muchacha, excelente por todos conceptos.
LOPAKHIN. —Sí.
LUBOVA. —Laboriosa, sencilla, y que, además, siente por usted cierto cariño.
LOPAKHIN. —No digo que no; Varia es una buenísima muchacha.
GAIEF. —Se me propone un empleo en un banco; sesenta mil rublos por año.
LUBOVA. —No digas majaderías.
FIRZ. —*(con el abrigo de Gaief.)* Tenga la bondad de ponerse el abrigo. Temo que se resfríe.
GAIEF. —¡Me aburres, hombre!
FIRZ. —No importa.
LUBOVA. —Firz, ¡cómo has envejecido!
FIRZ. —¿Qué desea la señora?
LOPAKHIN. —La señora dice que tú has envejecido.
FIRZ. —En efecto, mi vida es ya larga. Nuestro padre no había nacido aun cuando ya me querían casar. *(Ríe.)* Entonces nos emanciparon de la servidumbre. Yo era el jefe de camareros, y no quise aprovecharme de mi libertad. Me quedé como estaba, ni más ni menos; seguí sirviendo fielmente a mi amo… *(Pausa.)* Me acuerdo muy bien. Todos mis camaradas rebosaban de gozo; todos estaban contentísimos. ¿De qué? Ellos mismos no lo sabían.
LOPAKHIN. —¡Oh! Antes se estaba mucho mejor. Había latigazos… ¡Qué delicia!
FIRZ. —*(que no había entendido bien las anteriores frases.)* Sin duda; los mujiks andaban entonces con los propietarios, y los propietarios con los mujiks; mientras que ahora cada cual anda por su lado.
GAIEF. —¡Cállate ya! *(A Lopakhin.)* Mañana intentaré en la ciudad pedir fondos prestados.
LOPAKHIN. —Sépalo usted de antemano. Fracasará usted. No se podrá pagar la contribución. Es inútil forjarse ilusiones.

El examen consta de **4 preguntas de respuesta obligatoria**. La primera sin apartados optativos; las demás con posibilidad de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. CREACIÓN DE TEXTOS. (2,5 puntos)

Elabore una escena partiendo de la siguiente noticia periodística. Incorpore una acotación inicial que recoja la descripción física y psicológica de los personajes y el espacio escénico. Además, deberá presentar como mínimo una acotación técnica (sobre luz y sonido), dos acotaciones interpretativas (relativas a la emoción, el tono o la intención) y dos acotaciones de movimiento escénico (indicaciones de desplazamiento, gesto o acción física)

Una mujer provoca varios accidentes de tráfico al manipular unos espejos viales para mejorar su "feng shui"

Una mujer supersticiosa, que creía que su falta de fortuna y mala salud se debían a un *feng shui* deficiente, está acusada de haber provocado varios accidentes de tráfico, en su barrio de Shanghái (China), al ajustar mal la posición de un retrovisor.

Según su marido, quien no reveló su identidad, últimamente había sufrido unos achaques de salud y mala suerte, por lo que contactó con un experto para ver si se podía mejorar.

El especialista en filosofía oriental afirmó que el espejo, instalado frente a la casa de la mujer hacía más de una década, era la causa de sus problemas porque enviaba energía negativa. El matrimonio lo consideraba como un "espejo revelador de demonios", un objeto de la mitología china que podía delatar la verdadera identidad de un diablo disfrazado de humano.

"No somos demonios. No nos gusta que nos señalen con un espejo que revela demonios", comentó el esposo, añadiendo que su pareja había ajustado repetidamente el cristal para que no enfocara directamente a su casa.

Aunque la presunta gafada insistía en que nadie utilizaba el espejo, sus vecinos no estaban de acuerdo, así que la empresa administradora de la propiedad decidió resolver el asunto instalando otro en el lado opuesto de la calle. De esta manera, los conductores podían ver al otro lado de la curva y su *feng shui* no se vería afectado.

La mujer aceptó la solución, pero en cuanto sintió que su suerte había empeorado, volvió a manipular los espejos. La junta de vecinos intentó razonar con ella, pero continuó insistiendo en que los reflejos afectaban su karma y le traían mala suerte, indica *Odditycentral*.

Finalmente, se avisó a la Policía, y los agentes le advirtieron que podría ser considerada responsable de los siniestros causados por haber manipulado los espejos.

20minutos / El Blog del becario, 05/02/2026

PREGUNTA 2. SABERES BÁSICOS. (2,5 puntos)

Responda uno de estos dos apartados:

2.1. Con ejemplos de obras vistas o leídas en clase, defina los siguientes términos teatrales: a) clímax; b) ideolecto. **(2,5 puntos)**

2.2. Con ejemplos de obras vistas o leídas en clase, explique y desarrolle la norma de la preceptiva clasicista conocida como "regla de las tres unidades". **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 3. EXPRESIÓN DEL CRITERIO PERSONAL. (2,5 puntos)

Responda uno de estos dos apartados:

3.1. Partiendo de la siguiente pregunta: "¿Cree que una obra de teatro existe plenamente cuando está escrita en un libro, o solo cuando es representada?" Argumente de forma razonada si la esencia de una obra de teatro reside en su forma escrita (como literatura) o si solo se completa a través de su puesta en escena. Incluya en su reflexión el grado de libertad interpretativa que debe poseer la dirección frente al texto. **(2,5 puntos)**

3.2. El dramaturgo Jean Tardieu señala que "las acotaciones no son ornamentos del texto, sino las llaves del reino de la representación". Explique la metáfora al llamar a las acotaciones "las llaves del reino de la representación" y las diferencias entre el texto dramático y el paratexto, y por qué este último es indispensable para el director y los actores. **(2,5 puntos)**

PREGUNTA 4. INTERPRETACIÓN DE OBRAS TEATRALES. (2,5 puntos)

Responda uno de estos dos apartados:

4.1. Realice el comentario (resumen de la escena, análisis del contenido, personajes, análisis de la forma y valoración personal) **de uno de los dos** siguientes fragmentos. **(2,5 puntos**

Aristófanes, *Lisístrata* [El Cid Editor, 2004, pp. 54-56]

COMISARIO. ¿Y cómo os las vais a arreglar vosotras para reconciliar y poner fin a tal cantidad de asuntos enmarañados en las ciudades griegas?
LISÍSTRATA. Muy simple.
COMISARIO. ¿Cómo? Explícamelo.
LISÍSTRATA. Igual que el hilo, cuando se nos ha enredado, lo cogemos así *(Muestra con gestos lo que está diciendo)*, y con los husos por un lado y por otro, lo traemos a su sitio, así también desenmarañaremos esta guerra, si es que nos dejan hacer, poniendo las cosas en su sitio por medio de embajadas a un lado y a otro.
COMISARIO. ¿Así que con lanas, hilos y husos, os creéis que vais a poner fin a unos asuntos tan terribles? ¡Qué necias!
LISÍSTRATA. Sí, y también vosotros, si tuvieras una pizca de sentido común, según nuestras lanas gobernaríais todo.
COMISARIO. ¿Cómo? A ver.
LISÍSTRATA. Primero, a la ciudad como al vellón de lana, después de haberle quitado la mugre lavándola en un baño, habría que ponerla sobre un lecho, apalearla para que eche a los sinvergüenzas y sacarle los abrojos; y a esos que se reúnen y se aglomeran junto a los cargos públicos, separarlos con el cardado y arrancarles... las cabezas. Después habría que esponjar la buena voluntad común y echarla en un cestito, mezclando a todos, a los metecos, a los extranjeros que sean amigos nuestros, y a los que tengan deudas con el Estado: también a esos mezclarlos ahí. ¡Por Zeus!, y las ciudades, todas las que son colonias de esta tierra, habría que tener una idea clara de que para nosotros son como los copos de lana que están cada uno por su lado; luego se cogen estos copos que forman cada una de ellas, se reúnen y se juntan en uno solo, y después se hace una gran bola y, con ella, se teje un vestido para la gente.

Sófocles, *Edipo Rey* [El Cid Editor, pp. 67-69]

CORIFEO.- ¿Y ahora se encuentra el desdichado en alguna tregua de su mal?

MENSAJERO.- Está gritando que se descorran los cerrojos y que muestren a todos los Cadmeos al homicida, al que de su madre.... profiriendo expresiones impías, impronunciables para mí, como si se fuera a desterrar él mismo de esta tierra y a no permanecer más en el palacio,

estando como está sujeto a la maldición que lanzó. Lo cierto es que requiere un soporte y un guía, pues la desgracia es mayor de lo que se puede tolerar. Te lo mostrará también a ti, pues se abren los cerrojos de las puertas. Pronto podrás ver un espectáculo tal, como para mover a compasión, incluso, al que le odiara.

(Se abren las puertas del palacio y aparece Edipo con la cara ensangrentada, andando a tientas.)

CORO. ¡Oh sufrimiento terrible de contemplar para los hombres! ¡Oh el más espantoso de todos cuantos yo me he encontrado! ¿Qué locura te ha acometido, oh infeliz? ¿Qué deidad es la que ha saltado, con salto mayor que los más largos, sobre su desgraciado destino? ¡Ay, ay, desdichado! Pero ni contemplarte puedo, a pesar de que quisiera hacerte muchas preguntas, enterarme de muchas cosas y observarte mucho tiempo. ¡Tal horror me inspiras!

Edipo.- ¡Ah, ah, desgraciado de mí! ¿A qué tierra seré arrastrado, infeliz? ¿Adónde se me irá volando, en un arrebato, mi voz? ¡Ay, destino! ¡Adónde te has marchado?

CORIFEO.- A un desastre terrible que ni puede escucharse ni contemplarse.

ESTROFA 1ª

EDIPO.- ¡Oh nube de mi oscuridad, que me aíslas, sobrevenida de indecible manera, inflexible e irremediable! ¡Ay, ay de mí de nuevo! ¡Cómo me penetran, al mismo tiempo, los pinchazos de estos aguijones y el recuerdo de mis males!

CORIFEO.- No tiene nada de extraño que en estos sufrimientos te lamentes y soportes males dobles.

ANTÍSTROFA 1ª

EDIPO.- ¡Oh amigo!, tú eres aún mi fiel servidor, pues todavía te encargas de cuidarme en mi ceguera. ¡Uy, uy!, No me pasas inadvertido, sino que, aunque estoy en tinieblas, reconozco, sin embargo, tu voz.

CORIFEO.- ¡Ah, tú que has cometido acciones horribles! ¿Cómo te atreviste a extinguir así tu vista?, ¿qué dios te impulsó?

ESTROFA 2ª

EDIPO.- Apolo era, Apolo, amigos, quien cumplió en mí estos tremendos, sí, tremendos, infortunios míos. Pero nadie los hirió con su mano sino yo, desventurado. Pues ¿qué me quedaba por ver a mí, a quien, aunque viera, nada me sería agradable de contemplar?

4.2. Realice el comentario (resumen de la escena, análisis del contenido, personajes, análisis de la forma y valoración personal) **de uno de los dos** siguientes fragmentos. **(2,5 puntos)**

Henrik Ibsen, *La casa de muñecas*, Acto III [Editorial Verbum, 2018, pp. 113-114]

NORA. *(Haciendo un gesto negativo con la cabeza.)* Nunca me quisisteis. Os resultaba divertido encapricharos por mí, nada más.

HELMER. Pero, Nora, ¿qué palabras son ésas?

NORA. La pura verdad, Torvaldo. Cuando vivía con papá, él me manifestaba todas sus ideas y yo las seguía. Si tenía otras diferentes, me guardaba muy bien de decirlo, porque no le habría gustado. Me llamaba su muñequita, y jugaba conmigo ni más ni menos que yo con mis muñecas. Después vine a esta casa contigo...

HELMER. ¡Qué términos empleas para hablar de nuestro matrimonio!...

NORA. *(Sin inmutarse.)* Quiero decir que pasé de manos de papá a las tuyas. Tú me formaste a tu gusto, y yo participaba de él... o lo fingía... no lo sé con exactitud; creo que más bien lo uno y lo otro. Cuando ahora miro hacia atrás, me parece que he vivido aquí como una pobre... al día. Vivía de hacer piruetas para divertirte, Torvaldo. Como tú querías. Tú y papá habéis cometido un gran error conmigo: sois culpables de que no haya llegado a ser nunca nada.

HELMER. ¡Qué injusta y desagradecida eres, Nora! ¿No has sido feliz aquí?

NORA. No, nunca. Creí serlo; pero no lo he sido jamás.

HELMER. ¿No... que no has sido feliz?...

NORA. No; sólo estaba alegre, y eso es todo. Eras tan bueno conmigo... Pero nuestro hogar no ha sido más que un cuarto de recreo. He sido muñeca grande en esta casa, como fui muñeca pequeña en casa de papá. Y a su vez los niños han sido mis muñecos. Me divertía que jugaras conmigo, como a los niños verme jugar con ellos. He aquí lo que ha sido nuestro matrimonio, Torvaldo.

Antón Chéjov, *El jardín de los cerezos* [Trad. de Margarita Izquierdo, Editorial Verbum, 2020, pp. 33-34]

(A lo lejos, óyese una música.)

GAIEF. —Es nuestra célebre orquesta judía: cuatro violines y un contrabajo.
LUBOVA. —Habría que invitarlos para una pequeña fiesta.
LOPAKHIN. —La historia de usted me interesa; siga su relato.
LUBOVA. —*(a Lopakhin.)* Y usted, ¿por qué no se ha casado? Ahí está nuestra Varia, buena muchacha, excelente por todos conceptos.
LOPAKHIN. —Sí.
LUBOVA. —Laboriosa, sencilla, y que, además, siente por usted cierto cariño.
LOPAKHIN. —No digo que no; Varia es una buenísima muchacha.
GAIEF. —Se me propone un empleo en un banco; sesenta mil rublos por año.
LUBOVA. —No digas majaderías.
FIRZ. —*(con el abrigo de Gaief.)* Tenga la bondad de ponerse el abrigo. Temo que se resfríe.
GAIEF. —¡Me aburres, hombre!
FIRZ. —No importa.
LUBOVA. —Firz, ¡cómo has envejecido!
FIRZ. —¿Qué desea la señora?
LOPAKHIN. —La señora dice que tú has envejecido.
FIRZ. —En efecto, mi vida es ya larga. Nuestro padre no había nacido aún cuando ya me querían casar. *(Ríe.)* Entonces nos emanciparon de la servidumbre. Yo era el jefe de camareros, y no quise aprovecharme de mi libertad. Me quedé como estaba, ni más ni menos; seguí sirviendo fielmente a mi amo… *(Pausa.)* Me acuerdo muy bien. Todos mis camaradas rebosaban de gozo; todos estaban contentísimos. ¿De qué? Ellos mismos no lo sabían.
LOPAKHIN. —¡Oh! Antes se estaba mucho mejor. Había latigazos… ¡Qué delicia!
FIRZ. —*(que no había entendido bien las anteriores frases.)* Sin duda; los mujiks andaban entonces con los propietarios, y los propietarios con los mujiks; mientras que ahora cada cual anda por su lado.
GAIEF. —¡Cállate ya! *(A Lopakhin.)* Mañana intentaré en la ciudad pedir fondos prestados.
LOPAKHIN. —Sépalo usted de antemano. Fracasará usted. No se podrá pagar la contribución. Es inútil forjarse ilusiones.